

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 30/11/2023(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/11/2023, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de outubro de 2023

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes outubro de 2023.

3. Toma de coñecemento do cambio de representación do grupo político municipal do PP no Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

4. Aprobación, se procede, da declaración de obra de especial interese público, da reconstrución da cuberta do edificio destinado a Sancristía na Capela anexa á Igrexa de San Martiño de Sobrán, aos efectos de bonificación do ICIO.

5. Aprobación, se procede, da mutación demanial a favor da Mancomunidade do Salnés, de espazos públicos para a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos (Fexdega e Museo do Ferrocarril).

6. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía para dar cumprimento á sentenza xudicial e inicio do procedemento de resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento soterrado na Praza Xoán XXIII, adxudicado a Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA (PROINSA), e posterior reversión das instalacións.

7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á xestión directa do servizo de axuda no fogar (SAF) por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa.

9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á inclusión do Porto de Carril na relación de portos habilitados ao embarque e desembarque de pasaxeiros, na autoprotección de servizos turísticos.

10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para a reparación e mellora do pavillón municipal de Carril.

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para solicitar a Turismo de Galicia o recoñecemento da Farsa de Carril como Festa de Interese Autonómico.
12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia que implemente a colaboración económica co Curtas, Festival do Imaxinario de Vilagarcía de Arousa.
13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia que atende a petición da Comunidade Educativa do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro do Carril.
14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
15. Mocions presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
16. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
17. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais Dona Elsa Pérez Fernández e D. Juan Luis Núñez Tourís utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE OUTUBRO DE 2023.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO DE 2023: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Aprobación gastos evento Noite Meiga
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras
- 1 Avocación competencias para aprobación gastos Noite Meiga
- 1 Expte. De Transferencia de Crédito
- 1 Expte. De Modificación de Crédito por subvención
- 1 Certificado Electrónico Interventor Municipal
- 1 Licenza de animais potencialmente perigosos
- 2 Resolución primeiras alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Resolución sancionadora expt. Tráfico
- 2 Adxudicación vehículo para tarefas de vixilancia policial
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna

1 Anulación resolución bases persoal directivo obradoiro de emprego
1 Aprobación bases alumnado obradoiro de emprego
1 Aprobación bases persoal directivo obradoiro de emprego
1 Autorización tribunais Concello de Cambados
1 Delegación funcións da Alcaldía
3 Nomeamento Tribunais Estabilización
2 Pagamento Plan de Pensións
1 Corrección resolución Xunta de Galicia Interventor
1 Conformidade comisión de servizos Intervención
9 Gratificación substitución posto de categoría superior
1 Persoamento en recurso contencioso administrativo responsabilidade patrimonial
1 Designación 2 compoñentes Consello Reitor da Fundación de Deportes
1 Aprobación pregos de cláusulas administrativas
3 Resolución Estimatoria IBI
4 Estimación bonificación IBI
327 Estimación pagos duplicados
1 Desestimación rateo no IVTM
1 Estimatoria crédito incobrable
18 Estimatoria IVTM
1 Estimatoria pagos indebidos
4 Estimatoria Recibos
21 Estimatoria liquidacións e baixas
8 Estimatoria compensación de débedas
18 Estimatoria taxas e prezos públicos
34 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
1 Desestimatoria fraccionamento
12 Estimatoria IIVTNU
4 Pago expedientes Tesourería
5 Pago Expedientes Intervención
4 Pago de préstamos bancarios
9 Comisións bancarias
1 Arquivo expediente de actividade
11 Deber de conservación
10 Reposición da legalidade urbanística
4 Sancionador local hostalería
3 Licenza de primeira ocupación
26 Comunicación previa obras
10 Licenza de obra menor
10 Licenza de obra maior
1 Arquivo comunicación previa apertura de establecemento

TOTAL: 589

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO CAMBIO DE REPRESENTACIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP NO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta de escrito do grupo político municipal do PP no que comunica o seguinte:

- Que no Comité de Seguridade e Saúde Laboral figuran como representantes do Partido Popular: D. Roberto Domínguez Bustelo e D. Julio Varela Cardalda.

Solicitan o cambio de representantes no citado órgano colexado, quedando do seguinte xeito:

Titulares: Dona Ana María Granja Guillán e D. Julio Varela Cardalda.

Suplentes: D. Roberto Domínguez Bustelo e Dona Marta María Ferradáns Padín.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde dos asuntos do presente Pleno, pasando a tratar a continuación os asuntos pola seguinte orde: 7, 13, 4, moción urxente (15) e 5. A continuación trátanse o resto dos asuntos incluídos na orde do día.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figuran presentadas dúas solicitudes de participación cidadá:

- D. José Antonio Ríos Piñeiro en relación coa moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia que atenda a petición da comunidade Educativa do CEIP

Plurilingüe Rosalía de Castro do Carril.

- D. Carlos Berride Meaños en relación coa moción urxente presentada polos grupos políticos municipais de PSOE, BNG e EU sobre a importancia do sector do mar na economía, na sociedade e na imaxe e prestixio de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE ATENDE A PETICIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO DO CARRIL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE ATENDA A PETICIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO DO CARRIL

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os pais e nais do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro do Carril veñen reivindicando desde o inicio do presente curso escolar o desdobre da aula de 6º de Educación Infantil á Inspección Educativa para que os nenos e nenas poidan ter unha educación de calidade.

No curso anterior, 2022/2023, estaban matriculados 23 alumnos na aula, dos cales, 5 presentaban necesidades educativas especiais, que requerían a atención dunha ATE (Auxiliar de Atención Educativa). Debido a esta situación, recibiron a visita do Inspector Educativo e da especialista en TEA e do Equipo de Orientación Específico, os cales concordaron en que a medida máis axeitada para a citada aula sería facer un desdobre. A Xunta alegou entón falta de recursos económicos e non se levou a cabo, rematando o curso escolar sen adoptar as medidas solicitadas.

No curso actual, 2023/2024, a matrícula situou a ratio en 23 e as necesidades especiais en 6. Ante esta nova situación, a especialista en Audición e Linguaxe do centro tivo que reducir o número de sesións que o alumnado con necesidades educativas especiais recibía para poder atender tamén ás outras necesidades, mermando a calidade na educación das alumnas e alumnos.

O centro educativo realizou un esforzo importante e puxeron en marcha unha serie de medidas para poder minimizar o impacto emocional que esta situación provocaba no resto do alumnado. Cónstanos que o Equipo Directivo xa trasladou esta problemática ó Inspector Educativo. Este é

coñecedor dela, pero a Xunta aínda non tomou ningunha solución.

Porén, este grupo quere manifestar o seu apoio á Comunidade Educativa do centro e instar á Xunta para que se tomen as medidas educativas pertinentes, recomendadas tanto polo Inspector Educativo como pola especialista do Equipo de Orientación Específico: o desdobre da aula e profesorado de apoio.

1. Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a aplicar o desdobramento da aula de 6º de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro do Carril e a dotar o profesorado de apoio necesario.
2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Vilagarcía de Arousa, 27 de novembro de 2023

Tania García Sanmartín

Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia que atenda a petición da Comunidade Educativa do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro do Carril.

A seguir toma a palabra D. José A. Ríos Piñeiro para explicar as reivindicacións da comunidade educativa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno 820 de 21).

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e manifestar o apoio á Comunidade Educativa do centro e instar á Xunta para que se tomen as medidas educativas pertinentes, recomendadas tanto polo Inspector Educativo como pola especialista do Equipo de Orientación Específico: o desdobre da aula e profesorado de apoio.

1. Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a aplicar o desdobramento da aula de 6º de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro do Carril e a dotar o profesorado de apoio necesario.
2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE OBRA DE ESPECIAL INTERESE PÚBLICO, DA RECONSTRUCCIÓN DA CUBERTA DO EDIFICIO DESTINADO A SANCRISTÍA NA CAPELA ANEXA Á IGREXA DE SAN MARTIÑO DE SOBRÁN, AOS EFECTOS DE

BONIFICACIÓN DO ICIO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendado do seguinte teor:

RENDAS/2023/000119

URB/2023/000383

SOLICITUDE DE BONIFICACION NO ICIO

Antecedentes de feito: D. MANUEL VILA LOPEZ e/r CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION, FORMACION PROFESIONAL E UNIVERSIDADES solicita a bonificación do Icio correspondente á obra “ RECONSTRUCCION DE CUBERTA DO EDIFICIO DESTINADO A SANCRISTÍA E CAPELA ANEXA Á IGREXA DE SAN MARTIÑO DE SOBRÁN-VILAXOAN” (ref. cat. 7649904NH1174N) con fundamento no establecido na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Obra no expediente escrito presentado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia no que se pon de manifesto que según a cláusula 48 “ Gastos esixibles ao contratista” do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, queda establecido que: “Serán por conta do contratista os gastos derivados de impostos, licenzas, autorización, permisos...”.

Según Resolución da Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura acordou adxudicar o contrato de referencia a OBRAS GALLAECIA, S.L., por un importe de 130.429.25€.

Consta ingresado por parte da adxudicataria un importe total de 4.225,91€, correspondentes ao 3.24% do Icio sobre o prezo de adxudicación.

Fundamentos de dereito: A citada bonificación ven regulada no art. 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº 1.3, que establece o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar una bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Proposta de resolución : A obra para a que se solicita a bonificación consiste na “ RECONSTRUCCION DE CUBERTA DO EDIFICIO DESTINADO A SANCRISTÍA E CAPELA ANEXA Á IGREXA DE SAN MARTIÑO DE SOBRÁN-VILAXOAN”, motivada polas malas condición nas que se atopa dita cuberta. Tanto a Sancristía como a Capela anexa á Igrexa forman parte do “Conxunto Pazo do Lagar”, incluído no Catálogo de edificios e elementos a conservar no municipio de Vilagarcía de Arousa.

Considerando a solicitude presentada, a documentación obrante no expediente, a normativa de aplicación, así como a catalogación do edificio no que se prevén as actuacións, infórmase favorablemente o carácter de obra de especial interés público.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital.

A XEFA DA SECCION DE RENDAS

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e EU informan favorablemente.

En consecuencia nómase favorablemente a declaración de obra de especial interese público, da reconstrución da cuberta do edificio destinado a Sancristía na Capela anexa á Igrexa de San Martiño de Sobrán a efectos de bonificación do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a declaración de obra de especial interese público, da reconstrución da cuberta do edificio destinado a Sancristía na Capela anexa á Igrexa de San Martiño de Sobrán a efectos de bonificación do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose a seguinte moción polos Grupos Políticos Municipais

MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO PSG-PSOE, BNG E EU DE CARÁCTER URXENTE SOBRE A IMPORTANCIA DO SECTOR DO MAR NA ECONOMÍA, NA SOCIEDADE E NA IMAXE E PRESTIXIO DE GALICIA.

As voceiras do Grupo Municipal do PSdG, Tania García San Martín, do BNG, Xavier Rodríguez Paz e de EU Juan Manuel Fajardo Recosou, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formulan , para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno Seguinte Moción de Carácter Urxente Sobre a importancia do sector do mar na economía, na sociedade e na imaxe e prestixio de Galicia

Exposición de Motivos

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o ano 2022 (Resolución A/RES/72/72) como Ano Internacional da Pesca e a Acuicultura Artesanais, en recoñecemento dos millóns de pequenos pescadores, acuicultores e traballadores do peixe e do marisco que proporcionan alimentos sans e nutritivos, contribuíndo á seguridade alimentaria e á nutrición, á erradicación da pobreza e ao uso sostible dos recursos naturais.

En Galicia estas actividades destacan tanto pola súa pegada social, económica e riqueza produtiva, como pola súa tradición, situando ao noso territorio como principal rexión pesqueira de Europa. Ademais estas actividades forman parte da nosa identidade, vertebran e arraigan poboación nos nosos municipios costeiros e son parte primordial da nosa paisaxe diferencial.

En 2020 os sectores da pesca (principalmente de artes menores), marisqueo e acuicultura (principalmente cultivos extensivos de bivalvos), aos que hai que sumar as industrias de procesado e conservación destes produtos representan o 1,8% do produto interior bruto da economía galega. Galicia destaca no contexto nacional pola súa especialización nos sectores de pesca, marisqueo e acuicultura. De feito estas ramas de actividade primaria do mar galegas contribúen con mais do 40% do VEB xerado polas pesca, marisqueo e acuicultura española; e con mais do 55% en termos de emprego. En ningún país da UE as actividades relacionadas con estes sectores teñen tanta significación no ámbito social e económico, como en Galicia.

En 2020 a contribución ao PIB galego da pesca, o marisqueo e a acuicultura foi do 0,9%, moi superior á media europea (0,04%). A contribución ao emprego destas actividades sempre foi importante en Galicia, a pesar da tendencia descendente dos últimos vinte anos, e mantivo ao noso país como unha rexión altamente dependente da pesca (no seu sentido mais amplo). En 2020 empregaron en Galicia a 19.414 persoas, o 2,9% do total de Galicia (o 3,8% no ano 2000). Un terzo na industria de procesado e conservación e dous terzos nas actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas. En 2001 tiñamos en Galicia 6551 permex de mariscadoras/es e no ano 2022 temos 3614.

En 2021 Galicia contabiliza unha importantísima flota pesqueira que faena maioritariamente no caladoiro nacional con 4.260 embarcacións (un 96% faena nos caladoiros nacionais e empregan maioritariamente artes menores). A estas hai que sumar 1.281 buques da acuicultura de bivalvos e auxiliares, que dan servizo principalmente as 3.386 bateas adicadas ao cultivo do mexillón. Datos todos estes, que dan idea tamén da potencia galega na construción de barcos e viveiros flotantes, e son parte do rico patrimonio vivo da nosa carpintería de ribeira, que ven de ser recoñecido como ben de Interese Cultural. A importante contribución da acuicultura extensiva de mexillón galega á soberanía alimentaria de Galicia e de España queda reflectida no seguinte dato: nas bateas fondeadas nas rías galegas produciuse en 2020 o 22% do total dos produtos da pesca e da acuicultura española. Ademais o mexillón galego é o único produto do mar español que goza do recoñecemento da súa calidade vinculada á orixe a través do selo europeo da Denominación de Orixe Protexida.

En Galicia teñen porto base case a metade da flota pesqueira de España e o 5,73% da flota pesqueira da UE. Con todo, dende 2004 todos os segmentos da flota pesqueira galega reducíronse; a meirande parte na flota que faena no caladoiro nacional, de 5.565 buques rexistrados en 2004 só sobreviven 4.043 en 2023. Esta merma tamén se da en termos de emprego: o número de tripulantes en toda a flota pesqueira galega era de 30.641 en 1986 e de 11.556 en 2021, unha diminución do 62% en trinta e catro anos. Segundo o Anuario de Pesca de 2021, perante ese ano as operacións de venda nas lonxas galegas representaron case 3,8 millóns de transaccións comerciais e se comercializaron preto de 133 mil toneladas de produtos de pesca, que supuxeron unha facturación de case 413 millóns de €, dos que o 17,43% corresponden a bivalvos e o 68,26% a peixes.

Segundo a Análise do Sector da Pesca do IGE (2023), o sector da pesca e acuicultura ten un carácter senlleiro na nosa economía porque entre todos os nosos sectores económicos é o que presenta o maior índice de especialización produtiva fronte á UE-27.

Á importancia económica derivada do sector primario do mar únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior

desenvolvemento económico, o turismo. Así, o turismo en Galicia susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais. Este forte vencello entre as actividades primarias e o entorno onde se desenvolve singulariza a paisaxe da costa galega, coa actividade das embarcacións de pesca artesanal e o marisqueo e as bateas nas rías. Todos eles producindo peixes e mariscos de calidade, aos que os consumidores outorgan alta estima e prestixio. Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades costeiras.

Considerando que o as administracións públicas deben contribuir, máis aló do programático, a que se eliminen as desigualdades e favorecer a erradicación da pobreza e das causas que a orixinan, mediante a redistribución equitativa da riqueza colectiva.

No considerando 19 do Regulamento (CE) nº 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, recoñécese que das actividades pesqueiras tradicionais depende en boa medida o desenvolvemento social e económico de determinadas comunidades costeiras e indícase que “os Estados membros deben esforzarse por ofrecer un acceso preferencial á pesca a pequena escala, artesanal e costeira”, un claro mandato para desenvolver o espazo marítimo de Galicia. Asemade no art.2.1 afirmase: “A PPC deberá garantir que as actividades da pesca e a acuicultura sexan sostibles ambientalmente a longo prazo e se xestionen de xeito coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego, e de contribuir á dispoñibilidade de produtos alimentarios”.

Considerando que a Comisión Europea fala nas súas directrices estratéxicas para o período 2021-30 [COM (2021) 236] da importancia da acuicultura (de baixo nivel trófico) e baixa pegada ambiental principalmente acuicultura de bivalvos (e de algas) como actividades sostibles que han de promoverse. Actividades que encaixan perfectamente dentro do Pacto verde Europeo pola súa reducida pegada de carbono e porque aportan á sociedade ademais de alimentos nutritivos e saudábeis, servizos ecosistémicos positivos. Considerando ademais que a UE destaca o papel importante que teñen os alimentos de calidade vinculada a orixe, como o Mexillón de Galicia DOP que enriquecen o patrimonio gastronómico europeo, e aportan garantías ao consumidor.

Considerando que a pesca, o marisqueo e a acuicultura de bivalvos son actividades de carácter extensivo, artesanal e sostibles e son as que se practican histórica e maioritariamente nas rias e litoral, ámbito xeográfico competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando que, ademais da súa vertente produtiva e económica (creación de renda, valor e emprego), é indiscutible que a pesca, o marisqueo e a acuicultura artesanal representan un dos sinais de identidade máis importantes de Galicia. Ten un arraigo estrutural en termos sociais e demográficos da actividade nos enclaves costeiros e actúa sobre áreas costeiras de alta sensibilidade ambiental, ten unha compoñente de desenvolvemento humano e territorial moi elevado, na súa dimensión social e cultural, contribúe á independencia alimentaria da Unión Europea e ao aprovisionamento do mercado de produtos naturais e de calidade contrastada, mantendo un peso notorio en termos de emprego directo e de efectos indirectos a escala local-rexional sobre moitos outros sectores de actividade, o que se destaca e defende pola Comisión de Pesca Europea.

Por todo isto presentamos a seguinte Iniciativa Lexislativa Popular, consistente na introdución de dous novos artigos (artigo 5 bis e 5 ter, no Título I) na vixente Lei de Pesca de Galicia:

Artigo 5 bis- Declaración de interese xeral.

Decláranse a todos os efectos de interese xeral as actividades de pesca, marisqueo e acuicultura de bivalvos realizadas no ámbito xeográfico competencial da Xunta de Galicia.

Artigo 5 ter.- Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia.

1.- Nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia, polas súas peculiares características, priorizaráse e garantiráse o exercicio das actuais actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, fronte a calquera outro proxecto ou explotación ou á introdución de actividades que resulten incompatíbeis ou supoñan unha afectación negativa para as actividades produtivas devanditas.

2.- En calquera proxecto ou explotación que supoña un uso do espazo marítimo donde se estean desenvolvendo as devanditas actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos será preceptivo e vinculante un informe da Consellería do Mar, que de ser negativo obrigará ao órgano competente a ditar unha resolución motivada poñendo fin ao procedemento e arquivando as actuacións. O informe será remitido no prazo máximo de trinta días.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal que asinan, propoñen a adopción dos seguintes Acordos:

1.-Apoiar formalmente como necesario e oportuno que se garanten e prioricen as actividades da pesca, marisqueo e acuicultura extensiva no espazo marítimo da costa galega fronte a outras actividades que ben polo seu carácter contaminante ou porque ocupan o espazo da súa actividade, son contraditorias e poñen en perigo a súa sostibilidade.

2.-Apoiar a I.L.P. “para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras” e facilitar a recollida de sinaturas.

3.-Trasladar este acordo plenario ao Presidente da Xunta de Galicia, instándolle a darlle o apoio parlamentario necesario, e os grupos parlamentares do Parlamento de Galicia .

4.- Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA), Avda. Dr. Tourón nº 44 -entrechán, C.P. 36600, correo-electrónico pdrarousa@gmail.com

Sométese avotación polo Sr. Alcalde a declaración de urxencia da moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)
ACÓRDASE aprobar a declaración de urxencia da moción.

A seguir intervén D. Carlos Berride Meañós para explicar a moción.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21).

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU e:

1.-Apoiar formalmente como necesario e oportuno que se garanten e prioricen as actividades da pesca, marisqueo e acuicultura extensiva no espazo marítimo da costa galega fronte a outras actividades que ben polo seu carácter contaminante ou porque ocupan o espazo da súa actividade, son contraditorias e poñen en perigo a súa sostibilidade.

2.-Apoiar a I.L.P. “para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras” e facilitar a recollida de sinaturas.

3.-Trasladar este acordo plenario ao Presidente da Xunta de Galicia, instándolle a darlle o apoio parlamentario necesario, e os grupos parlamentares do Parlamento de Galicia .

4.- Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA), Avda. Dr. Tourón nº 44 -entrechán, C.P. 36600, correo-electrónico pdrarousa@gmail.com

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MUTACIÓN DEMANIAL A FAVOR DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, DE ESPAZOS PÚBLICOS PARA A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (FEXDEGA E MUSEO DO FERROCARRIL). Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito remitido pola Mancomunidade do Salnés en relación coa Mutación demanial a favor da Mancomunidade de espazos públicos para a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos, coa seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

No ámbito ds enerxías renovables relativas á automoción, resulta axeitado contar con puntos de recarga de vehículos eléctricos, sendo numerosas as Administracións Públicas que están levando a cabo adxudicacións, mediante contratos de arrendamento ou concesión, de puntos de recarga de vehículos eléctricos.

Concedida á Mancomunidade do Salnés unha subvención, con cargo ao "Plan nacional de sostenibilidade turística en destinos Xacobeos". Subproxecto. "Posta en valor da orixe de tódolos camiños xacobeos. Actuación 6: "Instalación de puntos de recarga de vehículos electricos no entorno de sendas e puntos turísticos".

A través de dita actuación, a Mancomunidade pretende a contratación conxunta da concesión do uso de espazos para a instalación, mantemento e explotación de puntos de recarga en distintos Concellos da Mancomunidade, por resultar máis eficiente a implantación de ditos puntos a nivel comarcal.

Mantidas reunións con representantes dos Concellos, ao obxecto de sinalar os espazos idóneos para a implantación de puntos de recarga de vehículos eléctricos; procedeuse a elaborar a documentación técnica das distintas prazas, que afectan a zonas de dominio público dos Concellos.

Resultando ser unha competencia propia dos Concellos, as autorizacións ou concesións do uso privativo do dominio público; fáise precisa a tramitación dos correspondentes expedientes de mutación demanial por parte destes a favor da Mancomunidade, como paso previo para que éste trámite, mediante licitación pública, o expediente para a concesión da instalación, mantemento e explotación dos puntos de recarga de vehículos eléctricos nos Concellos interesados.

Vista a documentación remitida pola Mancomunidade reativa á actuación: "Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos no entorno de sendas e puntos turísticos", no ámbito do proxecto: "Plan Nacional de sostenibilidade turística en destinos Xacobeos".

Estando prevista a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos neste Concello en zonas de dominio público, cuxa delimitación figura na documentación técnica aportada pola Mancomunidade de Galicia, cuxa aplicación ás entidades locais recolle a D.A. 2ª de dita Lei.

Por tanto, esta Alcaiddía propón ao Concello pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar a mutación demanial a favor da Mancomunidade do Salnés, dos seguintes espazos públicos deste Concello que se describen a continuación:

- Dúas prazas de aparcamento para vehículo eléctrico no aparcamento de Fexdega en Vilagarcía de Arousa, con coordenadas 42.591397, -8.764526 de acordo cos planos anexos.
- Dúas prazas de aparcamento para vehículo eléctrico no Museo do Ferrocarril en Vilagarcía de

Arousa, con coordenadas 42.608063, -8.767556 de acordo cos planos anexos.

2º Aprobar a mutación demanial de ditos espazos, baixo estas condicións:

- a) O Concello conserva a titularidade do ben, que non varía a cualificación xurídica.
- b) O período de duración da mutación demanial coincidirá co período da concesión a tramitar pola Mancomunidade, que está prevista en 15 anos máis 5 de prórroga.
- c) O ben volverá ao uso do Concello, ao finalizar a concesión e no caso de que non se leve a cabo a instalación dos puntos de recarga.

3º.- Autorizar ao Sr. Alcalde a tramitación e sinatura de cantos documentos sexan precisos en execución deste acordo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da mutación demanial a favor da Mancomunidade do Salnés, de espazos públicos para instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos (Fexdega e Museo do Ferrocarril).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

1º.- Aprobar a mutación demanial a favor da Mancomunidade do Salnés, dos seguintes espazos públicos deste Concello que se describen a continuación:

- Dúas prazas de aparcamento para vehículo eléctrico no aparcamento de Fexdega en Vilagarcía de Arousa, con coordenadas 42.591397, -8.764526 de acordo cos planos anexos.
- Dúas prazas de aparcamento para vehículo eléctrico no Museo do Ferrocarril en Vilagarcía de Arousa, con coordenadas 42.608063, -8.767556 de acordo cos planos anexos.

2º Aprobar a mutación demanial de ditos espazos, baixo estas condicións:

- a) O Concello conserva a titularidade do ben, que non varía a cualificación xurídica.
- b) O período de duración da mutación demanial coincidirá co período da concesión a tramitar pola Mancomunidade, que está prevista en 15 anos máis 5 de prórroga.
- c) O ben volverá ao uso do Concello, ao finalizar a concesión e no caso de que non se leve a cabo a instalación dos puntos de recarga.

3º.- Autorizar ao Sr. Alcalde a tramitación e sinatura de cantos documentos sexan precisos en execución deste acordo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DAR CUMPRIMENTO Á SENTENZA XUDICIAL E INICIO DO PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE

ESTACIONAMIENTO SOTERRADO NA PRAZA XOÁN XXIII, ADXUDICADO A PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA SA (PROINSA), E POSTERIOR REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta de Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Antecedentes

O 28 de febreiro de 2002 o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas, reguladoras do concurso polo procedemento aberto para a selección de proxectos, construción e explotación de estacionamento para vehículos na praza de Xoán XXIII (en diante, PCAP).

Tramitado o procedemento para a súa adxudicación, e previa emisión dos pertinentes informes, o 24 de xullo de 2002 o Pleno municipal adxudicou a PROINSA o contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo na Praza de Xoán XXIII a PROINSA por un prazo de cincuenta (50) anos, contados a partir da data de finalización das obras e recepción provisional destas.

O contrato foi formalizado en escritura pública outorgada o 29 de xullo de 2003 #ante o Notario de Vilagarcía de Arousa D. Julio Manuel Díaz Losada, baixo o número 1.658 de orde do seu protocolo. En virtude do anterior, PROINSA comprometeuse á execución da obra, cun orzamento de 1.692.289€, e á explotación do estacionamento de 242 prazas para vehículos na praza Xoán XXIII cun canon anual de 3.005,06€ (sen IVE) con estrita suxeición ao PCAP que rexe a licitación e o acordo de adxudicación, os cales se consideran documentos contractuais, sendo ambos os coñecidos e plenamente aceptados pola entidade concesionaria.

Executadas as obras segundo Certificado Final de Obra autorizado o 30 de xuño de 2005 e visado, o 21 de xullo de 2005 foi levantada a Acta de recepción provisional de edificio terminado. Segundo a cláusula Sexta do PCAP, o prazo total da concesión, cincuenta (50) anos, comeza a computar a partir da data de finalización das obras e recepción provisional.

Durante a execución do contrato e previa autorización da Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa do 5 de xullo de 2004, constituíuse a favor do BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A. unha hipoteca sobre o dereito real da concesión, que actualmente ostenta o BANCO SANTANDER.

PROINSA entrou en concurso de acredores e en fase de liquidación, atopándose actualmente pendente de tramitación a peza de cualificación do concurso.

Con data de entrada no rexistro xeral do concello de Vilagarcía de Arousa do 25 de outubro de 2023, recíbese solicitude do Xulgado Contencioso Administrativo nº3 de Pontevedra, en relación co cumprimento de Senténci aa número 306/2021 de data 23 de setembro de 2021 emitida por leste mesmo Xulgado, confirmada pola Sentenza do 4 de marzo de 2022 da Sección 3ª da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que obriga ao Concello de Vilagarcía de Arousa a “aperturar expediente administrativo, con audiencia da concesionaria, para a declaración da resolución do contrato de concesión e a súa liquidación resolvendo expresa e finalmente, en prazo, sobre o seu importe e establecendo unha data efectiva de reversión do activo, nos termos que se din na fundamentación xurídica desta sentenza.”

Pola Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e polo Interventor Municipal, emitíuse o correspondente informe xurídico que consta no expediente no que, entre outras consideracións, establécese o seguinte:

1.- O órgano competente para a resolución do contrato e para determinar os efectos da resolución

a través do procedemento de liquidación é o órgano de contratación.

Neste caso, o órgano de contratación é o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, que adxudicou o contrato en virtude de acordo plenario adoptado o 24 de xullo de 2002, polo que será o órgano competente para resolver ambos os procedementos (resolución e posterior liquidación).

2.- Constatada a concorrencia da causa obxectiva de resolución do contrato administrativo consistente na aprobación da fase concursal de liquidación de PROINSA, a Administración municipal está obrigada á resolución do contrato pois esta non opera de maneira automática, debendo ser declarada a resolución do contrato previa tramitación do procedemento administrativo correspondente co cumprimento das garantías de xeral aplicación, tal como ordena a Sentenza.

3.- A declaración de concurso de acredores e a apertura da fase de liquidación como causa de resolución do contrato, aínda que non sexa culpable (#cuestión que neste caso está pendente de decisión xudicial), é unha causa de resolución contractual que neste caso non pode ser imputable á Administración. Por tanto, a resolución do contrato prodúcese por unha causa que está no ámbito do contratista, polo que deberán determinarse os danos e prexuízos que, no seu caso, deba indemnizar a concesionaria ao Concello.

Ata o momento non se tramitou a peza de cualificación do concurso, polo que non consta a cualificación do concurso, fortuíto ou culpable. En consecuencia, por agora non existen os elementos de xuízo necesarios para acordar sobre a devolución do depósito constituído como garantía.

A Cláusula 49ª do PCAP establece, entre os dereitos da Corporación, a reversión das instalacións e servizos, libres de calquera carga ou gravame e baleiros, ao día seguinte da terminación do prazo da concesión, cesando no aproveitamento dos bens de dominio público adscritos á concesión e poñendo todos eles ao dispor do Concello en perfecto estado de conservación e mantemento.

4.- O procedemento de resolución de contrato debe tramitarse no prazo de tres meses, tal e como dispón o artigo 21.3 da LPAC, como un procedemento autónomo dotado de sustantividade propia, polos leitos previstos nos preceptos anteriormente transcritos e que son os seguintes:

1. Acordo de inicio do procedemento administrativo de resolución do contrato polo Pleno da Corporación Municipal.

2. Notificación do acordo de inicio ao Rexistro da Propiedade, con solicitude de certificación de titulares de cargas e dereitos, ao obxecto de que poidan ser oídos todos os titulares de tales cargas e dereitos. O rexistrador, ao tempo de expedir a certificación, deberá estender nota á marxe da inscrición da concesión sobre o inicio do procedemento de resolución.

3. Notificación do acordo de inicio, outorgando trámite de audiencia polo prazo de dez (10) días naturais, a PROINSA (representada polo seu administrador concursal) e ao Banco Santander, S.A., así como a calquera outro titular de cargas e dereitos que resulte da certificación do Rexistro da Propiedade.

4. Informe do Secretario e do Interventor da Corporación.

5. Ditame do Consello Consultivo de Galicia, unicamente se a entidade contratista formula oposición á resolución do contrato no trámite de audiencia outorgado.

- No caso de oposición da entidade contratista á resolución do contrato, deberá acordarse a suspensión do prazo de tramitación do procedemento á vez que se solicite a emisión de ditame ao órgano consultivo, con notificación deste acordo aos interesados.

- Coa finalidade de evitar que se produza a caducidade do procedemento, haberá de acudirse á previsión do artigo 22.1.d da LPAC que faculta a suspensión do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución, polo tempo que medie entre a petición e a recepción do ditame, debendo acordalo de maneira expresa con notificación á persoa interesada (notificaríase a todas as persoas interesadas) tanto a solicitude de ditame e suspensión de prazo como a recepción

do ditame e continuación do cómputo do prazo de tres meses.

6. Resolución do contrato polo Pleno da Corporación e a posterior apertura de fase de liquidación. Tendo en conta o anteriormente exposto

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

a. A incoación, para dar cumprimento ás sentenzas xudiciais, do procedemento administrativo de resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo na Praza Xoán XXIII, adxudicado a Promocións Inmobiliarias do Pisuerga, S.A. (PROINSA), polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xullo de 2022; debendo tramitarse os procedementos administrativos que correspondan para executar o resolvido polos órganos xudiciais.

A reversión das instalacións e servizos, libres de calquera carga ou gravame e baleiros, co cesamento no aproveitamento dos bens de dominio público adscritos á concesión, e posta ao dispor do Concello en perfecto estado de conservación e mantemento como establece o PCAP terá lugar aos 15 días hábiles desde o seguinte á notificación a PROINSA da resolución que se dite no presente procedemento.

Respecto a a garantía, propónse a súa retención ao non dispoñer neste momento dos elementos de xuízo necesarios para a súa cancelación tendo en conta que o órgano xudicial non cualificou o concurso como fortuíto ou culpable, e tendo en conta que, en canto resólvase o contrato e materialícese a reversión das instalacións procederase á emisión dos correspondentes informes para a tramitación da liquidación do contrato, procedemento no que se resolverá sobre a garantía e demais cuestións atinentes á liquidación, dando total cumprimento á Sentenza do 23 de setembro de 2021.

b. Facultar á Alcaldía, en base ao disposto no artigo 22.1.d) da LPAC para decretar, de ser necesario, a suspensión do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución, polo tempo que medie entre a petición e a recepción do ditame do Consello Consultivo de Galicia, con notificación a todas as persoas interesadas; tanto a solicitude de ditame e suspensión do prazo como a recepción do ditame e continuación do cómputo do prazo de tres meses. Así como en calquera outro suposto contemplado no artigo 22 da LPAC.

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a Proposta da Alcaldía para dar cumprimento á sentenza xudicial e inicio do procedemento de resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento soterrado na Praza Xoán XXIII, adxudicado a Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA (PROINSA), e posterior reversión das instalacións.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2) e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes

aos grupos políticos municipais do PP (8) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

a. A incoación, para dar cumprimento ás sentenzas xudiciais, do procedemento administrativo de resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo na Praza Xoán XXIII, adxudicado a Promocións Inmobiliarias do Pisuerga, S.A. (PROINSA), polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xullo de 2022; debendo tramitarse os procedementos administrativos que correspondan para executar o resolvido polos órganos xudiciais.

A reversión das instalacións e servizos, libres de calquera carga ou gravame e baleiros, co cesamento no aproveitamento dos bens de dominio público adscritos á concesión, e posta ao dispor do Concello en perfecto estado de conservación e mantemento como establece o PCAP terá lugar aos 15 días hábiles desde o seguinte á notificación a PROINSA da resolución que se dite no presente procedemento.

Respecto a a garantía, propónse a súa retención ao non dispoñer neste momento dos elementos de xuízo necesarios para a súa cancelación tendo en conta que o órgano xudicial non cualificou o concurso como fortuíto ou culpable, e tendo en conta que, en canto resólvese o contrato e materialícese a reversión das instalacións procederase á emisión dos correspondentes informes para a tramitación da liquidación do contrato, procedemento no que se resolverá sobre a garantía e demais cuestións atinentes á liquidación, dando total cumprimento á Sentenza do 23 de setembro de 2021.

b. Notificación do acordo de inicio ao Rexistro da Propiedade, con solicitude de certificación de titulares de cargas e dereitos, ao obxecto de que poidan ser oídos todos os titulares de tales cargas e dereitos. O rexistrador, ao tempo de expedir a certificación, deberá estender nota á marxe da inscrición da concesión sobre o inicio do procedemento de resolución.

c. Notificación do acordo de inicio, outorgando trámite de audiencia polo prazo de dez (10) días naturais, a PROINSA (representada polo seu administrador concursal) e ao Banco Santander, S.A., así como a calquera outro titular de cargas e dereitos que resulte da certificación do Rexistro da Propiedade.

d. Facultar á Alcaldía, en base ao disposto no artigo 22.1.d) da LPAC para decretar, de ser necesario, a suspensión do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución, polo tempo que medie entre a petición e a recepción do ditame do Consello Consultivo de Galicia, con notificación a todas as persoas interesadas; tanto a solicitude de ditame e suspensión do prazo como a recepción do ditame e continuación do cómputo do prazo de tres meses. Así como en calquera outro suposto contemplado no artigo 22 da LPAC.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) POR PARTE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 17 de novembro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) POR PARTE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Francisco Xabier Rodríguez Paz, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilagarcía de Arousa, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte

moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda a Domicilio ou Fogar – de agora en diante SAFconstitúe un dos principais servizos que en materia de asuntos sociais e benestar dispensan os concellos galegos, malia ser unha das competencias coñecidas como impropias que a Administración Autonómica fai recaer nos mesmos.

Este servizo, que ten un elevado custe, por ser cada vez maior o número de persoas dependentes que viven neste municipio, vén sendo xestionado desde hai anos por diferentes empresas – algunha delas completamente allea á prestación de servizos á comunidade- que asinan un contrato co Concello de Vilagarcía suxeito a un prego de condicións.

A empresa prestadora do servizo finaliza este mesmo ano o contrato en vigor, estando en elaboración, no momento de presentación desta moción, un novo prego para aquelas empresas que pretendan concorrer.

O BNG faise eco das queixas emitidas polas persoas usuarias deste servizo así como das súas familias, no que viría ser unha xestión até agora deficiente, caracterizada pola falta de coordinación eficaz dun capital humano, - o seu persoal sometido a gran recariedade laboral e salarial- que non dá satisfacción ás necesidades para as que a empresa foi requirida.

No contexto de crise aínda existente, calquera outra empresa que substitúa a actual vai repetir os mesmos vicios: empeorar as condicións da súa man de obra, para reducir custes de produción, e da calidade da atención aos usuarios. O BNG considera que, lonxe de redactar uns pregos para licitar un novo contrato externo, o Concello de Vilagarcía debería asumir a xestión directa deste servizo, como xa empezan a facer algúns concellos, sen menoscabo da lexítima exixencia de que a Xunta de Galiza achegue máis recursos económicos a estes para non poñer en risco o seu equilibrio orzamentario.

A rendibilidade económica dun servizo público non pode servir de escusa para sacarse de enriba un asunto incómodo; debe entender que a atención ás persoas máis vulnerables, malia o incremento dos custes, ten que primar, como necesidade social que é, sobre outras áreas de xestión, priorizando e recortando no accesorio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Que, á maior brevidade, se inicien os estudos e trámites necesarios para que o Servizo de Axuda no Fogar de Vilagarcía pase a ser xestionado de maneira directa polo concello, cumprindo co deber público que, como tal, ten atribuído.

Vilagarcía de Arousa, 17 de novembro de 2023

F. Xabier Rodríguez Paz

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e EU din que se

manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á xestión directa do servizo de axuda no fogar (SAF) por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (1) e dezasete votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (8)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á xestión directa do servizo de axuda no fogar (SAF) por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á INCLUSIÓN DO PORTO DE CARRIL NA RELACIÓN DE PORTOS HABILITADOS AO EMBARQUE E DESEMBARQUE DE PASAXEIROS, NA AUTOPROTECCIÓN DE SERVIZOS TURÍSTICOS

Esta moción foi retirada polo BNG na sesión da Comisión Informativa e procédese tamén á súa retirada na sesión plenaria.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A REPARACIÓN E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CARRIL:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 21 de novembro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de novembro de 2023 a seguinte MOCIÓN:

Reparar e mellorar o pavillón municipal de Carril

EXPOÑEN

Unha das instalacións deportivas coas que conta o concello de Vilagarcía é o pavillón de Carril. Un edificio municipal, situado próximo ao colexio de Carril e que é utilizado por decenas de rapaces todos os días da semana.

Ademais do uso que recibe por parte do alumnado do colexio, o pavillón tamén é empregado por diferentes clubs deportivos. Nas instalacións, adestran e xogan clubs de balonmán e fútbol sala entre outros deportes. Convertendo ao pavillón de Carril nunha instalación con moita demanda e

de gran importancia para a práctica deportiva da zona.

Un pavillón con tanto uso e importancia debería estar en perfectas condicións, tanto para a práctica de ximnasia do alumnado do colexio, como para os deportistas que adestran e xogan, pero tamén para o público que vai a gozar das competicións.

Sen embargo, a realidade que amosa o pavillón de Carril é moi diferente e o seu estado é lamentable. No interior da instalación, hai goteiras en varias zonas e a humidade é visible por todas as paredes. A grada coa que conta o pavillón é vella, e ten ao descuberto ferros cos que facilmente os deportistas se poden golpear.

O exterior da instalación tampouco está mellor. As tubaxes están rotas e a auga escápase a través das escaleiras creando charcos que corren rúa abaixo. O pavillón con luminosidade exterior, co que polas noites os nenos e nenas saen de adestrar completamente a escuras. Ademais, non hai ningunha sinalización que o poña en valor nin que indique como chegar ata a instalación.

Estes problemas están repercutindo nos nenos e nenas e poñendo en perigo a súa saúde. Tamén repercute economicamente aos clubs, xa que se a pista está en mal estado e non se poden disputar os partidos, os equipos teñen que asumir diferentes gastos.

Non é de recibo que o concello de Vilagarcía conte cunha instalación tan importante en tal mal estado. O concello non pode agardar máis tempo sen reparalo e deixalo perfectas condicións.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno municipal os seguintes acordos:

- 1- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa repare de inmediato todas as deficiencias que están impedindo a práctica deportiva.
- 2- Que se faga unha renovación completa da instalación, mellorando o almacén e dotando de baños ao vestiario visitante.
- 3- Que se dote ao pavillón dunha grada moderna e accesible.
- 4- Que se reparen as tubaxes exteriores e se eviten as verteduras de auga.
- 5- Que se dote de iluminación exterior e dun cartel indicativo ao pavillón.
- 6- Que se sinalice en diferentes puntos, como na avenida Rosalía de Castro, como chegar ao pavillón.

Ana Granja – Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Polo representante do grupo político municipal de EU presentase a seguinte emenda:

- Incluír no 2º punto: Mellora da pista do Pavillón do Instituto de Carril.

Polas persoas representantes do grupo político municipal do PP non aceptan a emenda presentada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a reparación e mellora do pavillón municipal de Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- 1- Que se repare de inmediato todas as deficiencias que están impedindo a práctica deportiva.
- 2- Que se faga unha renovación completa da instalación, mellorando o almacén e dotando de baños ao vestiario visitante.
- 3- Que se dote ao pavillón dunha grada moderna e accesible.
- 4- Que se reparen as tubaxes exteriores e se eviten as verteduras de auga.
- 5- Que se dote de iluminación exterior e dun cartel indicativo ao pavillón.
- 6- Que se sinalice en diferentes puntos, como na avenida Rosalía de Castro, como chegar ao pavillón.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA SOLICITAR A TURISMO DE GALICIA O RECOÑECIMENTO DA FARSA DE CARRIL COMO FESTA DE INTERESE AUTONÓMICO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 21 de novembro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de novembro de 2023 a seguinte MOCIÓN:

Solicitar o recoñecemento da Farsa de Carril como Festa de Interese autonómico

EXPOÑEN

Dende o século XV, a parroquia de Carril celebra, cada 25 de xullo, a tradicional Farsa do Carril. Unha danza de espadas histórica, na que homes e mulleres danzan ao son da música polas rúas de Carril.

Na Farsa, poden chegar a participar ata 80 persoas, tantos homes como mulleres. A danza está en cabezada por un punteiro, ou capitán, seguido de tres contrapunteiros, que son os que guías ás filas, e os danzantes. Cada un dos contrapunteiros representan aos inimigos do home: o mundo, o demo e a carne. Os contrapunteiros levan atados por un cordón aos danzantes. Estes danzantes representan á humanidade que, a través do cordón, segue aos pecados. Fronte a estes pecados atópase o capitán, que representa a San Miguel, que é o que vence e obriga aos contrapunteiros a tirar as espadas ao chan. Na danza tamén participa o crego, como representación da vitoria da igrexa. Coa peculiaridade de que a Farsa de Carril é a única na que o crego baila sobre as espadas. A Farsa de Carril, que se celebra durante as festas do Apostol, é moi importante para a veciñanza desta parroquia. Os e as danzantes, aprenden a danza dende ben pequenos. Unha tradición que se leva traspasando de xeración en xeración dende hai séculos. De feito, a Farsa é tan importante para Carril que nin a pandemia evitou que os veciños a celebraran.

Debido a importancia que a Farsa ten para Carril e para toda Vilagarcía, dende o Partido Popular consideramos que sería un impulso importante para a súa celebración que conseguise a declaración de festa de interese turístico autonómico. Ademais, da súa importancia antigüidade, é

de destacar que a Farsa ten un atractivo turístico e un valor cultural incalculable para os veciños e veciñas de Carril.

A declaración de festa de interese turístico autonómico faría posible que a Farsa optase a diferentes axudas que lle permitirían aumentar e mellorar e danza.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno municipal os seguintes acordos:

- 1- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa solicite a Turismo de Galicia que se declare á Farsa de Carril como unha festa de interese turístico autonómico.
- 2- Que ao longo de todo o ano se realicen diferentes actividades de promoción e posta en valor da Farsa de Carril.

Ana Granja – Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para solicitar a Turismo de Galicia o recoñecemento da Farsa de Carril como Festa de Interese Autonómico.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- 1- Solicitar a Turismo de Galicia que se declare á Farsa de Carril como unha festa de interese turístico autonómico.
- 2- Que ao longo de todo o ano se realicen diferentes actividades de promoción e posta en valor da Farsa de Carril.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE IMPLEMENTE A COLABORACIÓN ECONÓMICA CO CURTAS, FESTIVAL DO IMAXINARIO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de novembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 21 de novembro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE IMPLEMENTE A COLABORACIÓN ECONÓMICA CO CURTAS, FESTIVAL DO IMAXINARIO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Curtas Festival do Imaxinario ten ás súas orixes no ano 1973, como Certame de Vídeo Aficionado, realizando as primeiras edición na sede do Casino de Vilagarcía de Arousa. Polo tanto, estamos a falar dunha referencia cultural e de gran traxectoria local, convertíndose no festival decano de Galicia con 51 edicións e conseguindo tamén unha incipiente referencia internacional. Boa mostra disto é que o Curtas é o segundo festival de xénero fantástico máis importante, no ámbito nacional, tras o Festival de Sitges. Trátase do segundo festival máis lonxevo, o segundo festival que máis filmes pasa en sala e o que máis actividades paralelas

organiza e que conta cunha gran afluencia de público ás proxeccións, exposicións e actividades novidosas, como a visita a vehículos emblemáticos do cine, como KITT o coche fantástico, o coche dos Cazafantasmas ou o Delorean, que nesta edición voltaron a achegar a 20.000 persoas.

No ano 2015 o festival estivo a piques de desaparecer e grazas á nova asociación que asumiu a organización do mesmo e o apoio económico do Concello de Vilagarcía de Arousa, conseguiu despegar no ano 2016 cunha aportación municipal de 11.450,80 euros, incrementándose paulatinamente ata chegar a un apoio de 50.000 euros e loxística para a celebración do festival. Unha colaboración que permitiu que importantes directores, actores, actrices, debuxantes de banda deseñada visitaran a nosa cidade nos últimos. É dicir, cunha aportación municipal ao festival que supón o 66% do total da súa financiación e que permite que Vilagarcía de Arousa reforce a súa programación cultural, acadando un dos obxectivos perseguidos como é a desestacionalización das actividades, conseguindo unha Vilagarcía viva, chea de actividades e visitantes en outono.

A Xunta de Galicia ten que sumarse ao Concello de Vilagarcía de Arousa e colaborar para reforzar o orzamento do festival que é dos máis miúdos das organizacións de festivais de filmes galegos, permitindo que o Curtas siga desenvolvendo a súa programación completa e mantendo espírito de acceso universal á cultura a través da gratuidade das actividades.

Se buscamos exemplos noutros festivais, a Xunta de Galicia, a través de distintos organismos, aporta financiación económica para o desenrolo de distintos festivais audiovisuais galegos. Considerando que o Curtas é o festival decano de Galicia e que é o segundo festival máis importante a nivel nacional no seu xénero, consideramos imprescindible que a Xunta de Galicia colabore economicamente cunha cantidade significativa que o Concello de Vilagarcía de Arousa, así como que a Deputación de Pontevedra manteña ou incremente a colaboración económica co festival.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Cultura e a Axencia Galega de Turismo a colaborar economicamente co CURTAS, Festival do Imaxinario de Vilagarcía de Arousa.
2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á Consellería de Cultura de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 21 de novembro de 2023

Tania García Sanmartín

Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia que implemente a colaboración económica co Curtas, Festival do Imaxinario de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Cultura e a Axencia Galega de Turismo a colaborar economicamente co CURTAS, Festival do Imaxinario de Vilagarcía de Arousa.
2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á Consellería de Cultura de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as Delegados/as respóndense ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231130&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:10, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.